



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

REUNIDOS:

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 181, do 7 de setembro de 2020), e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, en virtude da representación legal atribuída polo artigo 124.1 e 4.a) da Lei reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, segundo nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva do 15 de xuño do 2019; no nome e representación do Concello de Pontevedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar este Convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 148.5 da Constitución e no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de ferrocarrís e estradas, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, no transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

En virtude do disposto no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e no artigo 72 e concordantes da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, correspóndelle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade velar polo correcto funcionamento dos transportes aos que se refire a dita lei, e exercer as funcións de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción, se é o caso, dos servizos públicos de persoas dos que é titular, calquera que sexa o modo en que se xestionen.

Igualmente, consonte co que establece o dito Decreto 26/2019, do 7 de marzo, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiras/os.

2. O Concello de Pontevedra, é titular de competencias en materia de transporte colectivo urbano e tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, consonte ao establecido no artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; que teñen relación coas de medio ambiente urbano e infraestrutura viaria, das alíneas b) e d) da devandita Lei.

Tamén ao abeiro do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), que establece que o municipio exercerá competencias nas materias de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, protección do medio ambiente e transporte público de persoas viaxeiras.





Consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, posúe competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

Ademais, os artigos 26.1.d) LRBRL e 81.d) LALG obrigan aos concellos con poboación superior aos 50 000 habitantes a prestar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, así como á protección do medio ambiente, tendo declarado ao artigo 86.2 da LRBRL a reserva en favor das entidades locais do transporte público de viaxeiras/os.

3. O convenio resulta a canle acaída para plasmar a colaboración administrativa que mellore a eficiencia da xestión, a sustentabilidade e a supresión de duplicidades, nos obxectivos de promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable.

Así, constan coma antecedentes da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra en materia de transporte e da súa intermodalidade o “*Convenio Marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra*”, asinado o 2 de agosto de 2017, desenvolto polo “*Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura Estación intermodal de Pontevedra, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020*”, asinado o 14 de marzo do 2019, cuxas estipulacións están a ser executadas na actualidade.

4. O Concello de Pontevedra, ven desenvolvendo unha política activa de transporte e de cambio dos paradigmas da mobilidade, mediante a habilitación nos últimos anos dunha subvención directa ás persoas usuarias do servizo para rebaixa do prezo do billete, caso das liñas 3 e 5 do servizo de Monte Porreiro, guiada pola intención de acadar un menor custe para as persoas usuarias de desprazamentos urbanos entre o referido barrio e a cidade central e de fomento do emprego do transporte público, polas súas favorables connotacións sociais, ambientais e de sustentabilidade.

Tamén apostou pola posta en valor da compacidade da cidade central e da súa configuración como espazo público no que se prima a accesibilidade peonil e outras non motorizadas, cos beneficios que esta incorpora na economía, no medio ambiente e na saúde da veciñanza, cun modelo de cidade amable e accesible para o peón, para o que destinou unha parte senlleira do orzamento municipal co obxectivo de favorecer a mobilidade peonil como medio de transporte prioritario na cidade.

Porén, existe unha ampla zona do rural, fóra da cidade central, na que existen dificultades de mobilidade e accesibilidade ao transporte público; en especial, en certos tramos de idade e persoas con necesidades diversas de mobilidade, para o que se conseguiu a aprobación en concurrencia, dentro do marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado, dunha liña de actuación para o programa de “*implantación dun modelo de transporte colectivo á demanda mediante vehículos de baixa capacidade*”, proxecto financiado a través dos fondos FEDER 2014-2020, por decisión do Ministerio de Facenda.

5. Por mor da tramitación do Plan de Transporte Público de Galicia e do sometemento a información pública e audiencia ao Concello dos proxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, que atinxen, mesmo de xeito parcial, ao termo municipal de Pontevedra, o Concello manifestou a súa firme vontade de colaboración na materia, dentro dun marco coordinado de actuación que pondere a actual conxuntura, co obxectivo de acadar a debida eficacia e eficiencia administrativa na prestación dos servizos axuizados, que cohoneste os modelos de implantación do transporte público urbano coas distintas escalas e servizos metropolitanos e supramunicipais, aos que, en moitos casos, lles dá continuidade.

En concreto, a Xunta ten adxudicado os contratos das concesión de servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral por estrada de carácter intermunicipal, que na zona de Pontevedra aglutina os servizos internos ao termo municipal, nun proxecto de explotación nomeado como XG628 – Metropolitano de Pontevedra, que inclúe liñas como as de claves XG62808, XG62822, XG62823 e





XG62828, que teñen un carácter plenamente urbano, polo que ambas as dúas administracións concordan en coordinar as respectivas competencias para a mellora e eficiencia dos servizos prestados e efectividade dos programas públicos.

O vixente ordenamento xurídico incide na posibilidade certa e desexada de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para mellora e fomento do sistema de transporte público; e, nas liñas sinaladas, concorren intereses e competencias municipais que o Concello está disposto a asumir, previa a súa redefinición pola vía deste Convenio coa finalidade de acadar unha mellor adaptación ás necesidades actuais e ás previsións de evolución da cidade de Pontevedra. En definitiva, un novo deseño máis eficiente e urbano que garanta a continuidade da prestación e a súa intermodalidade.

6. Ambas as dúas partes recoñecen que no proxecto de explotación adxudicado, XG628, ademais das liñas de carácter interurbano de competencia autonómica, figuran a lo menos as seguintes catro liñas que abranguen tráfico 100% urbanos, e que proveñen de antigas liñas e anexos de concesións, en xeral de corto percorrido:

- XG62808. PONTEVEDRA E.A. – RESIDENCIA MONTECELO.
- XG62822. PONTEVEDRA E.A. - PONTEVEDRA E.A.
- XG62823. XOFRE DE TENORIO – MONTEPORREIRO – XOFRE DE TENORIO.
- XG62828. MONTEPORREIRO – A XUNQUEIRA – XOFRE DE TENORIO.

As partes asinantes concordan que as liñas referenciadas quedaron subsumidas na realidade urbana polo que se pacta -recoñecendo a competencia municipal-, a petición do Concello de Pontevedra a súa reformulación, para adaptalas á realidade urbana e necesidades da veciñanza, cos seguintes criterios básicos:

a) Frecuencias de paso de 30 minutos en día laborable.

b) Na relación de Monte Porreiro é necesario manter unha regularidade e frecuencia adecuada do servizo e na relación de Hospital Montecelo – Hospital Provincial débese crear e manter unha conexión adecuada.

c) Para a reformulación das liñas recoñecidas como urbanas, a través de dous eixos ou fluxos -de leste a oeste e transversal ao anterior-, tívose en conta a relación cos novos centros dotacionais, que constitúen polos ou centros de atracción modal, entre os que se salientan:

- Os sanitarios, centros de saúde, ambulatorios e especialidades, como por exemplo, de Virxe Peregrina, A Parda e Mollavao...
- Os educativos (Campus Universitario de Pontevedra, Escola de Belas Artes).
- Os administrativos (Novo edificio administrativo da Xunta-Servizo Provincial de Tráfico, Cidade da Xustiza,...).

7. Segundo o que se desenvolve no anexo I modificaranse, a petición do Concello de Pontevedra, os servizos referidos anteriormente e incluídos no proxecto de explotación de clave e título XG -628 – Metropolitano de Pontevedra, para implementar así plenamente os criterios do anterior punto no antedito proxecto. Os novos servizos, segundo o anexo I, prestaranse consonte aos seguintes esquemas de explotación:

- Liñas 40 e 41: Monteporreiro - Xunqueira - Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril.





Conecta distintos equipamentos da cidade central (Estación Autobuses/Estación de Ferrocarril) coa zona do Burgo (Universidade), as partes máis consolidadas de Lérez e con Monte Porreiro.

- Liña 42 e 43: Monteporreiro - Montecelo - Praza de Galicia.

Transversal á anterior, proporciona unha accesibilidade entre o centro urbano, dende a avenida Praza de Galicia, pasando por A Parda, e conectando o Hospital Provincial e o Hospital de Montecelo, así como Monte Porreiro. Permite tamén a conexión coa Estación de Autobuses e a Estación de Ferrocarril.

Todo isto sen prexuízo dos axustes que correspondan tendo en conta estudos máis exhaustivos da implantación e da posta en marcha desta explotación modificada.

As frecuencias e percorridos, número de vehículos e persoas condutoras necesarias e vehículos·quilómetro ao ano serán as fixadas no anexo I.

8. As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como unha das súas premisas esenciais a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento motorizado da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse polo Concello de Pontevedra a necesidade de establecer un servizo de interese municipal de cara a atender as demandas de mobilidade no seu núcleo urbano, así como tamén incrementar o uso do transporte público de viaxeiros.

Deste xeito, dada a posibilidade de avanzar no deseño de novas rutas internas ao concello que melloren a mobilidade, e por mor dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á sinatura dun convenio de colaboración que permita a implantación de medidas de fomento da mobilidade sostible dentro do concello de Pontevedra, para o que as partes subscriben este Convenio con base nas seguintes.

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

Este Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo de interese municipal no Concello de Pontevedra coas características recollidas no Anexo I deste Convenio, que substituirán temporalmente as liñas do contrato XG628. Metropolitano de Pontevedra (XG628, en diante) que se indican, igualmente, no dito anexo.

Segunda.- Condicións de prestación do servizo polo operador

A implantación efectiva do novo servizo efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación mediante a formalización de modificación das condicións de explotación dun dos contratos de concesión de servizo público de transporte regular de uso xeral con tráfico afectados polo novo servizo.

Atendendo a petición municipal, o servizo contará cos percorridos e expedicións recollidos no Anexo I deste Convenio, desenvolvéndose integramente dentro do Concello de Pontevedra.





Para a realización do servizo o operador empregará vehículos urbanos de clase I adscritos á antedita concesión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada.

O Concello de Pontevedra, de conformidade coas condicións establecidas neste Convenio, asumirá as compensacións a aboar ao operador prestatario polo déficit de explotación do servizo, en proporción ao volume de servizos prestados ao abeiro deste Convenio.

Así, o Concello de Pontevedra asume as compensacións do servizo concesional preexistentes respecto dos tráfico afectados, de tal xeito que o importe das citadas compensacións sexa igual á parte proporcional das compensacións por obrigas de servizo público que a Administración Autonómica lle debe abonar ao concesionario do contrato de concesión XG628 na proporción que representa o volume de servizos a prestar segundo o Anexo I deste Convenio en relación ao volume total de servizos de referencia previsto no actual contrato de concesión XG628.

Terceira.- Sistema tarifario

Ao servizo obxecto deste Convenio será de aplicación o sistema tarifario zonal establecido no proxecto de explotación correspondente, sen prexuízo de que as partes concorden na conveniencia de adaptar o antedito sistema a un programa de transporte urbano que bonifique, explicita e canalice as axudas de financiamento semellantes ás que xa na actualidade desenvolve o Concello de Pontevedra, polo que manifestan o compromiso de que se perfeccione o sistema a través dun instrumento de colaboración posterior que estableza un sistema de bonificacións adicionais ás xa previstas no proxecto de explotación XG628 e no prego de condicións que rexeu a súa licitación, ás que se compromete e que serán promovidas por iniciativa do Concello de Pontevedra.

Cuarta.- Contías das achegas

A totalidade das achegas que corresponde efectuar ao Concello de Pontevedra con base no previsto neste Convenio estímase na contía fixa de **146.273,97 € ao ano**, cuxo importe se xustifica no Anexo II.

O Concello de Pontevedra comprométese a efectuar a transferencia da primeira das achegas correspondentes á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes dende a data na que a Dirección Xeral de Mobilidade lle comunique a previsión de posta en funcionamento dos servizos establecidos no anexo I, e o cálculo do importe que resultará de aplicación por tal concepto nese primeiro exercicio contable, calculado como o prorrateo do importe fixo establecido entre os meses nos que o servizo estará operativo.

As achegas seguintes realizaranse no mes de xaneiro de cada ano, polo importe correspondente á achega anual. Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 09.02.423A.223 08 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade, no caso de acordo de prórroga do servizo, os ditos ingresos realizaranse segundo o mesmo calendario indicado no parágrafo anterior.

De non se efectuar calquera das achegas correspondentes nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exhibibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lle corresponda ao concello como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.





Quinta.- Liquidación das compensacións

A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación ao operador prestatario do servizo de interese municipal de conformidade coas condicións establecidas no contrato correspondente.

A Dirección Xeral de Mobilidade, atendendo ás achegas que lle correspondera aboar segundo a estipulación quinta deste Convenio, comunicará ao Concello de Pontevedra as liquidacións correspondentes.

Sexta.- Duración

Este Convenio producirá efectos dende o mesmo día da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comecen a prestarse os servizos indicados no Anexo I, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Este Convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa no marco dos acordos institucionais acadados para o mantemento do servizo máis alá da data inicialmente prevista e por ata catro anos máis, e coas mesmas obrigas xurídicas e financeiras establecidas no presente convenio, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes.

Sétima.- Compromisos da Consellería de infraestruturas e Mobilidade

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, comprométese a:

- Pór a disposición do Concello a información precisa da xestión e seguimento da concesión XG628 e das posibles melloras, incidencias e modificacións, para dar cobertura ás actuacións previstas no presente Convenio.
- Incorporar a todas as liñas da concesión XG628 os criterios de explotación e bonificación establecidos con carácter xeral no Transporte Público de Galicia en igualdade de condicións que o resto de Concellos con competencias propias no transporte urbano e permitir a implantación sobre dito modelo das melloras e bonificacións tarifarias que, baixo iniciativa do Concello de Pontevedra, se anuncian neste Convenio.
- Permitir ao Concello a inclusión de soportes e cartelaría, nos autobuses e marquesiñas, que permitan a identificación do servizo como de financiación municipal.
- Cooperar co Concello de Pontevedra no proceso de posta en marcha de servizos de transporte a demanda en vehículos de baixa capacidade, a través da modificación da ordenanza correspondente.

Oitava.- Compromisos do Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra comprométese a:

- Aboar as compensacións polo déficit de explotación do servizo mediante as achegas previstas na estipulación cuarta deste Convenio.
- Efectuar un seguimento e fomento das liñas de natureza urbana que se reflicten no presente Convenio, como órgano colaborador da Xunta de Galicia para a xestión e control do contrato de concesión XG628.





- Impulsar e fomentar, en coordinación con Xunta de Galicia, todo tipo de medidas tarifarias, proxectos e servizos relacionados coa mellora dos tráfico urbanos dentro do transporte público no termo municipal.
- Poñer a disposición da Xunta de Galicia toda información, estudos, plans e avaliacións das que dispoña e que atinxan ao tráfico, á mobilidade, ao transporte urbano e á súa demanda no termo municipal de Pontevedra.

Novena.- Réxime xurídico

Este Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

Este Convenio atópase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación da antedita lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este Convenio rexerese polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-administrativa.

Décima.- Comisión de Seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste Convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión mixta de seguimento constituída pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, que a presidirá, ou persoa en quen delegue, e un funcionario da dita dirección xeral designado pola mesma, e dúas persoas designadas polo Concello de Pontevedra. As partes poderán designar persoas substitutas.

Correspóndelle á comisión de seguimento acordar ou propoñer as modificacións non substanciais no Convenio.

Para a validez dos acordos requírase a presenza de, cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, adoptando os acordos por unanimidade dos asistentes

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.

Décimo primeira.- Modificación do Convenio

O presente Convenio poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes asinantes.





Considéranse modificacións non substanciais do Convenio as que alteren as características dos servizos previstas no Anexo I deste Convenio e serán acordadas pola Comisión de Seguimento.

Considéranse modificacións substanciais do Convenio as que afecten á estrutura básica das liñas, a incorporación de novas liñas ou calquera outro contido substancial do contrato XG628 ou do Convenio, incluída calquera outra que atinxa ao seu réxime económico e determine a asunción de novos custos polas entidades conveniantes.

Calquera modificación substancial do Convenio que implique modificación das condicións de prestación do servizo do contrato XG-628, que supoña a asunción de novos custos por calquera das partes, requirirá un estudo técnico e económico

As modificacións substanciais do Convenio requiriran a sinatura dunha addenda ao presente Convenio, segundo o procedemento legalmente establecido.

Décimo segunda.- Resolución do Convenio

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio e, no seu caso, das súas prórrogas.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Nestes casos, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra ou obrigue a cumprir á concesionaria do servizo, nun determinado prazo, con indicación das obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á representación da outra parte na comisión de seguimento do Convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio. A resolución do Convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados.

- Decisión xudicial que declare a nulidade do Convenio.

En caso de resolución do Convenio, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción deste serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do Convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo terceira.- Publicidade.

A firma do presente Convenio supoñerá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no Convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno (DOG n° 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG n° 149 do 3 de agosto).





E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente este Convenio .

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Polo Concello de Pontevedra

Ethel María Vázquez Mourelle

Miguel Anxo Fernández Lores





ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DOS SERVIZOS

A. Liñas substituídas

- XG62808. PONTEVEDRA E.A. – RESIDENCIA MONTECELO.
- XG62822. PONTEVEDRA E.A. - PONTEVEDRA E.A.
- XG62823. XOFRE DE TENORIO – MONTEPORREIRO – XOFRE DE TENORIO.
- XG62828. MONTEPORREIRO – A XUNQUEIRA – XOFRE DE TENORIO.

B. Novas liñas que se incorporan en substituírán das anteriores

1.- Liña 40: Monteporreiro - Xunqueira - Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril

- Itinerario e puntos de parada:

Nº	Parada	Terro municipal	Distancia entre paradas (km)	Distancia a orixe (km)	Tempo entre paradas	Tempo a orixe	Tipo de parada
1	Monteporreiro (Alemaría 1)	Pontevedra	0,00	0,00	0:00	0:00	Fixa
2	Alemaría 2 (Centro Cultural)	Pontevedra	0,30	0,30	0:01	0:01	Fixa
3	Irlanda (Zona Deportiva)	Pontevedra	0,20	0,50	0:01	0:02	Fixa
4	Reino Unido 1 (Centro de Saúde)	Pontevedra	0,50	1,00	0:01	0:03	Fixa
5	Reino Unido 2	Pontevedra	0,30	1,30	0:01	0:04	Fixa
6	Italia	Pontevedra	0,40	1,70	0:02	0:06	Fixa
7	Os Campos	Pontevedra	0,60	2,30	0:02	0:08	Fixa
8	Cruce A Pomba	Pontevedra	0,20	2,50	0:01	0:09	Fixa
9	Santa Margarida	Pontevedra	0,30	2,80	0:01	0:10	Fixa
10	A Seca 3	Pontevedra	0,40	3,20	0:01	0:11	Fixa
11	A Seca 2	Pontevedra	0,30	3,50	0:01	0:12	Fixa
12	Xoxé Malvar	Pontevedra	0,40	3,90	0:01	0:13	Fixa
13	Alexandre Bóveda (Reunión Ferial)	Pontevedra	0,50	4,40	0:01	0:14	Fixa
14	Avenida de Compostela (Pabillón Municipal)	Pontevedra	0,40	4,80	0:01	0:15	Fixa
15	Bos Aires (Mercado - Ponte do Burgo)	Pontevedra	0,40	5,20	0:02	0:17	Fixa
16	Avenida de Uruguai (Cruce A Barca)	Pontevedra	0,80	6,00	0:02	0:19	Fixa
17	Avenida das Corbaceiras	Pontevedra	0,70	6,70	0:02	0:21	Fixa
18	M ^ª Victoria Moreno (Residencia Militar)	Pontevedra	0,60	7,30	0:01	0:22	Fixa
19	M ^ª Victoria Moreno (Campolongo)	Pontevedra	0,40	7,70	0:01	0:23	Fixa
20	M ^ª Victoria Moreno (Cruce Avenida de Vigo)	Pontevedra	0,30	8,00	0:01	0:24	Fixa
21	Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril	Pontevedra	0,40	8,40	0:01	0:25	Fixa

- Tráficos:

	Pontevedra
Pontevedra	C

- Expedicións, calendarios e horario:





Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:15	7:40	LMVEXV
2	Ida	7:45	8:10	LMVEXV
3	Ida	8:15	8:40	LMVEXV
4	Ida	8:45	9:10	LMVEXV
5	Ida	9:15	9:40	LMVEXV
6	Ida	9:45	10:10	LMVEXV
7	Ida	10:15	10:40	LMVEXV
8	Ida	10:45	11:10	LMVEXV
9	Ida	11:15	11:40	LMVEXV
10	Ida	11:45	12:10	LMVEXV
11	Ida	12:15	12:40	LMVEXV
12	Ida	12:45	13:10	LMVEXV
13	Ida	13:15	13:40	LMVEXV
14	Ida	13:45	14:10	LMVEXV
15	Ida	14:15	14:40	LMVEXV
16	Ida	14:45	15:10	LMVEXV
17	Ida	15:15	15:40	LMVEXV
18	Ida	15:45	16:10	LMVEXV
19	Ida	16:15	16:40	LMVEXV
20	Ida	16:45	17:10	LMVEXV
21	Ida	17:15	17:40	LMVEXV
22	Ida	17:45	18:10	LMVEXV
23	Ida	18:15	18:40	LMVEXV
24	Ida	18:45	19:10	LMVEXV
25	Ida	19:15	19:40	LMVEXV
26	Ida	19:45	20:10	LMVEXV
27	Ida	20:15	20:40	LMVEXV
28	Ida	20:45	21:10	LMVEXV
29	Ida	21:15	21:40	LMVEXV

Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Expedicións/día
LMVEXV	Non festivos	Todo o ano	29
S	Non festivos	Todo o ano	16
D	Todbs	Todo o ano	5
LMVEXVS	Festivos	Todo o ano	5

Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:30	7:55	S
2	Ida	8:30	8:55	S
3	Ida	9:30	9:55	S
4	Ida	10:30	10:55	SDF
5	Ida	11:30	11:55	S
6	Ida	12:30	12:55	S
7	Ida	13:30	13:55	SDF
8	Ida	14:30	14:55	S
9	Ida	15:30	15:55	S
10	Ida	16:30	16:55	SDF
11	Ida	17:30	17:55	S
12	Ida	18:30	18:55	S
13	Ida	19:30	19:55	SDF
14	Ida	20:30	20:55	SDF
15	Ida	21:30	21:55	S
16	Ida	22:30	22:55	S





2.- Liña 41: Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril - Xunqueira - Monteporreiro

- Itinerario e puntos de parada:

Nº	Parada	Tempo municipal	Distancia entre paradas (km)	Distancia a orixe (km)	Tempo entre paradas	Tempo a orixe	Tipo de parada
1	Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril	Pontevedra	0,00	0,00	0:00	0:00	Fixa
2	Mª Victoria Moreno (Cruce Avenida de Vigo)	Pontevedra	0,40	0,40	0:01	0:01	Fixa
3	Mª Victoria Moreno (Campolongo)	Pontevedra	0,30	0,70	0:01	0:02	Fixa
4	Mª Victoria Moreno (Residencia Militar)	Pontevedra	0,50	1,20	0:02	0:04	Fixa
5	Avenida das Corbaceiras	Pontevedra	0,40	1,60	0:02	0:06	Fixa
6	Avenida de Urzugal (Cruce A Barca)	Pontevedra	0,70	2,30	0:02	0:08	Fixa
7	Bos Aires (Mercado - Ponte do Burgo)	Pontevedra	0,80	3,10	0:02	0:10	Fixa
8	Avenida de Compostela (Pabillón Municipal)	Pontevedra	0,50	3,60	0:02	0:12	Fixa
9	Alexandre Bóveda (Recinto Ferial)	Pontevedra	0,40	4,00	0:01	0:13	Fixa
10	Pal. Fernando Omeño (Estadio da Xuventude)	Pontevedra	0,60	4,60	0:03	0:16	Fixa
11	A Seca	Pontevedra	0,30	4,90	0:02	0:18	Fixa
12	A Seca 2	Pontevedra	0,30	5,20	0:02	0:20	Fixa
13	A Seca 3	Pontevedra	0,30	5,50	0:01	0:21	Fixa
14	Santa Margarida	Pontevedra	0,40	5,90	0:02	0:23	Fixa
15	Cruce A Ponte	Pontevedra	0,40	6,30	0:01	0:24	Fixa
16	Os Campos	Pontevedra	0,90	7,20	0:03	0:27	Fixa
17	UNED	Pontevedra	0,20	7,40	0:01	0:28	Fixa
18	Portugal	Pontevedra	0,30	7,70	0:01	0:29	Fixa
19	Monteporreiro (Alemaría 1)	Pontevedra	0,30	8,00	0:01	0:30	Fixa

- Tráficos:

	Pontevedra
Pontevedra	C

- Expedicións, calendarios e horario:

Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Expedicións/día
LMMXV	Non festivos	Todo o ano	29
S	Non festivos	Todo o ano	15
D	Todos	Todo o ano	5
LMMXVS	Festivos	Todo o ano	5

Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:45	8:15	LMMXV
2	Ida	8:15	8:45	LMMXV
3	Ida	8:45	9:15	LMMXV
4	Ida	9:15	9:45	LMMXV
5	Ida	9:45	10:15	LMMXV
6	Ida	10:15	10:45	LMMXV
7	Ida	10:45	11:15	LMMXV
8	Ida	11:15	11:45	LMMXV
9	Ida	11:45	12:15	LMMXV
10	Ida	12:15	12:45	LMMXV
11	Ida	12:45	13:15	LMMXV
12	Ida	13:15	13:45	LMMXV
13	Ida	13:45	14:15	LMMXV
14	Ida	14:15	14:45	LMMXV
15	Ida	14:45	15:15	LMMXV
16	Ida	15:15	15:45	LMMXV
17	Ida	15:45	16:15	LMMXV
18	Ida	16:15	16:45	LMMXV
19	Ida	16:45	17:15	LMMXV
20	Ida	17:15	17:45	LMMXV
21	Ida	17:45	18:15	LMMXV
22	Ida	18:15	18:45	LMMXV
23	Ida	18:45	19:15	LMMXV
24	Ida	19:15	19:45	LMMXV
25	Ida	19:45	20:15	LMMXV
26	Ida	20:15	20:45	LMMXV
27	Ida	20:45	21:15	LMMXV
28	Ida	21:15	21:45	LMMXV
29	Ida	21:45	22:15	LMMXV





Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	8:00	8:30	S
2	Ida	9:00	9:30	S
3	Ida	10:00	10:30	SDF
4	Ida	11:00	11:30	S
5	Ida	12:00	12:30	S
6	Ida	13:00	13:30	SDF
7	Ida	14:00	14:30	S
8	Ida	15:00	15:30	S
9	Ida	16:00	16:30	SDF
10	Ida	17:00	17:30	S
11	Ida	18:00	18:30	S
12	Ida	19:00	19:30	SDF
13	Ida	20:00	20:30	SDF
14	Ida	21:00	21:30	S
15	Ida	22:00	22:30	S

3.- Liña 42: Monteporreiro - Montecelo - Praza de Galicia

- Itinerario e puntos de parada:

Nº	Parada	Tempo municipal	Distancia entre paradas (km)	Distancia a orixe (km)	Tempo entre paradas	Tempo a orixe	Tipo de parada
1	Monteporreiro (Alemaría 1)	Pontevedra	0,00	0,00	0:00	0:00	Fixa
2	Alemaría 2 (Centro Cultural)	Pontevedra	0,30	0,30	0:01	0:01	Fixa
3	Irianda (Zona Deportiva)	Pontevedra	0,20	0,50	0:01	0:02	Fixa
4	Reino Unido 1 (Centro de Saúde)	Pontevedra	0,50	1,00	0:01	0:03	Fixa
5	Reino Unido 2	Pontevedra	0,30	1,30	0:01	0:04	Fixa
6	Italia	Pontevedra	0,40	1,70	0:02	0:06	Fixa
7	Os Campos	Pontevedra	0,60	2,30	0:02	0:08	Fixa
8	Cruce A Pomba	Pontevedra	0,50	2,80	0:01	0:09	Fixa
9	Avenida Montecelo (Tanatorio Albia)	Pontevedra	0,40	3,20	0:01	0:10	Fixa
10	Hospital de Montecelo	Pontevedra	1,00	4,20	0:02	0:12	Fixa
11	Cidade Infantil Príncipe Felipe	Pontevedra	0,50	4,70	0:02	0:14	Fixa
12	San Mauro (Camisero)	Pontevedra	1,10	5,80	0:02	0:16	Fixa
13	Avenida de Lugo nº 7	Pontevedra	0,40	6,20	0:02	0:18	Fixa
14	12 de novembro (Hospital Provincial)	Pontevedra	0,60	6,80	0:02	0:20	Fixa
15	Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril	Pontevedra	0,80	7,60	0:02	0:22	Fixa
16	Mª Victoria Moreno (Cruce Avenida de Vigo)	Pontevedra	0,40	8,00	0:01	0:23	Fixa
17	Mª Victoria Moreno (Campolongo)	Pontevedra	0,30	8,30	0:01	0:24	Fixa
18	Praza de Galicia	Pontevedra	0,80	9,10	0:03	0:27	Fixa

- Tráficos:

	Pontevedra
Pontevedra	C

- Expedicións, calendarios e horario:





Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:30	7:57	LMVXV
2	Ida	8:00	8:27	LMVXV
3	Ida	8:30	8:57	LMVXV
4	Ida	9:00	9:27	LMVXV
5	Ida	9:30	9:57	LMVXV
6	Ida	10:00	10:27	LMVXV
7	Ida	10:30	10:57	LMVXV
8	Ida	11:00	11:27	LMVXV
9	Ida	11:30	11:57	LMVXV
10	Ida	12:00	12:27	LMVXV
11	Ida	12:30	12:57	LMVXV
12	Ida	13:00	13:27	LMVXV
13	Ida	13:30	13:57	LMVXV
14	Ida	14:00	14:27	LMVXV
15	Ida	14:30	14:57	LMVXV
16	Ida	15:00	15:27	LMVXV
17	Ida	15:30	15:57	LMVXV
18	Ida	16:00	16:27	LMVXV
19	Ida	16:30	16:57	LMVXV
20	Ida	17:00	17:27	LMVXV
21	Ida	17:30	17:57	LMVXV
22	Ida	18:00	18:27	LMVXV
23	Ida	18:30	18:57	LMVXV
24	Ida	19:00	19:27	LMVXV
25	Ida	19:30	19:57	LMVXV
26	Ida	20:00	20:27	LMVXV
27	Ida	20:30	20:57	LMVXV
28	Ida	21:00	21:27	LMVXV
29	Ida	21:30	21:57	LMVXV
30	Ida	22:00	22:27	LMVXV
31	Ida	22:30	22:57	LMVXV

Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Expedicións/día
LMVXV	Non festivos	Todo o ano	31
S	Non festivos	Todo o ano	15
D	Todos	Todo o ano	6
LMVXVS	Festivos	Todo o ano	6

Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	8:00	8:27	SD-
2	Ida	9:00	9:27	SD-
3	Ida	10:00	10:27	S
4	Ida	11:00	11:27	S
5	Ida	12:00	12:27	SD-
6	Ida	13:00	13:27	S
7	Ida	14:00	14:27	S
8	Ida	15:00	15:27	SD-
9	Ida	16:00	16:27	S
10	Ida	17:00	17:27	S
11	Ida	18:00	18:27	SD-
12	Ida	19:00	19:27	S
13	Ida	20:00	20:27	S
14	Ida	21:00	21:27	S
15	Ida	22:00	22:27	SD-





4.- Liña 43: Praza de Galicia - Montecelo - Monteporreiro

- Itinerario e puntos de parada:

Nº	Parada	Terro municipal	Distancia entre paradas (km)	Distancia a orixe (km)	Tempo entre paradas	Tempo a orixe	Tipo de parada
1	Praza de Galicia	Pontevedra	0,00	0,00	0:00	0:00	Fixa
2	Mª Victoria Moreno (Campolongo)	Pontevedra	0,80	0,80	0:03	0:03	Fixa
3	Mª Victoria Moreno (Cruce Avenida de Vigo)	Pontevedra	0,50	1,30	0:02	0:05	Fixa
4	Estación de Autobús/Estación de Ferrocarril	Pontevedra	0,50	1,80	0:02	0:07	Fixa
5	Hortas (Xulgados)	Pontevedra	0,50	2,30	0:02	0:09	Fixa
6	Avenida Xoán Carlos I (Conservatorio)	Pontevedra	0,50	2,80	0:02	0:11	Fixa
7	San Mauro (Cemiterio)	Pontevedra	0,50	3,30	0:02	0:13	Fixa
8	Cidade Infantil Príncipe Felipe	Pontevedra	1,10	4,40	0:03	0:16	Fixa
9	Hospital de Montecelo	Pontevedra	0,60	5,00	0:02	0:18	Fixa
10	Avenida Montecelo (Taraioiro Albia)	Pontevedra	1,00	6,00	0:02	0:20	Fixa
11	Cruce A Pomba	Pontevedra	0,40	6,40	0:01	0:21	Fixa
12	Os Campos	Pontevedra	0,40	6,80	0:01	0:22	Fixa
13	UNED	Pontevedra	0,20	7,00	0:01	0:23	Fixa
14	Portugal	Pontevedra	0,30	7,30	0:01	0:24	Fixa
15	Monteporreiro (Alemaña 1)	Pontevedra	0,30	7,60	0:01	0:25	Fixa

- Tráficos:

	Pontevedra
Pontevedra	C

- Expedicións, calendarios e horario:

Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Expedicións/día
LMMXXV	Non festivos	Todo o ano	30
S	Non festivos	Todo o ano	15
D	Todos	Todo o ano	6
LMMXXS	Festivos	Todo o ano	6

Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:30	7:55	LMMXXV
2	Ida	8:00	8:25	LMMXXV
3	Ida	8:30	8:55	LMMXXV
4	Ida	9:00	9:25	LMMXXV
5	Ida	9:30	9:55	LMMXXV
6	Ida	10:00	10:25	LMMXXV
7	Ida	10:30	10:55	LMMXXV
8	Ida	11:00	11:25	LMMXXV
9	Ida	11:30	11:55	LMMXXV
10	Ida	12:00	12:25	LMMXXV
11	Ida	12:30	12:55	LMMXXV
12	Ida	13:00	13:25	LMMXXV
13	Ida	13:30	13:55	LMMXXV
14	Ida	14:00	14:25	LMMXXV
15	Ida	14:30	14:55	LMMXXV
16	Ida	15:00	15:25	LMMXXV
17	Ida	15:30	15:55	LMMXXV
18	Ida	16:00	16:25	LMMXXV
19	Ida	16:30	16:55	LMMXXV
20	Ida	17:00	17:25	LMMXXV
21	Ida	17:30	17:55	LMMXXV
22	Ida	18:00	18:25	LMMXXV
23	Ida	18:30	18:55	LMMXXV
24	Ida	19:00	19:25	LMMXXV
25	Ida	19:30	19:55	LMMXXV
26	Ida	20:00	20:25	LMMXXV
27	Ida	20:30	20:55	LMMXXV
28	Ida	21:00	21:25	LMMXXV
29	Ida	21:30	21:55	LMMXXV
30	Ida	22:00	22:25	LMMXXV





Expedición	Sentido	Hora de saída	Hora de chegada	Frecuencia semanal
1	Ida	7:30	7:55	SDF
2	Ida	8:30	8:55	SDF
3	Ida	9:30	9:55	S
4	Ida	10:30	10:55	S
5	Ida	11:30	11:55	SDF
6	Ida	12:30	12:55	S
7	Ida	13:30	13:55	S
8	Ida	14:30	14:55	SDF
9	Ida	15:30	15:55	S
10	Ida	16:30	16:55	S
11	Ida	17:30	17:55	SDF
12	Ida	18:30	18:55	S
13	Ida	19:30	19:55	S
14	Ida	20:30	20:55	S
15	Ida	21:30	21:55	SDF





ANEXO II: CÁLCULO DAS COMPENSACIÓNS A REALIZAR POR PARTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Compensación por obrigas de servizo público (COSP) XG-628	612.926,20 € /ano
Volume de servizos de referencia XG-628	914.245 km/ano
Volume de servizos nas liñas obxecto do Convenio	283.355 km/ano
COSP correspondente ao Convenio	189.966,19 € /ano
Coefficiente de desconto s/COSP ofertado polo adxudicatario	23,00%
Achega a realizar polo Concello de Pontevedra	146.273,97 € /ano

